



Sr. Director Xeral de Producción Agropecuaria  
Consellería de Medio Rural  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN,

## EXPÓN:

1. Que Galicia padece na actualidade unha situación extraordinaria como consecuencia da sequía e dos incendios forestais, principalmente na provincia de Ourense, na de Lugo e no sur de Pontevedra.
2. Que a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que:
  - a. *“A aradura de calquera terreo forestal para a implantación de cultivos agrícolas ou pasteiros exixirá a obtención de autorización administrativa por parte da consellaría competente en materia forestal nos termos que se establezan regulamentariamente. Cando se producise un incendio forestal nos tres anos anteriores á solicitude, a autorización concederáse de forma excepcional atendendo as circunstancias especiais que se determinen regulamentariamente”* (artigo 40).
  - b. *“Con carácter xeral, prohibese o pastoreo en todos os terreos forestais que resulten afectados por incendios forestais, nun prazo mínimo de dous anos a partir da data en que se produza o lume e ata que as axeitadas condicións de restauración da masa arborada o permitan. Neste caso, precisarase de autorización administrativa nos termos que se establezan para o efecto”* (artigo 43.1) e que *“Regulamentariamente poderán preverse excepcións á prohibición establecida na alínea anterior, baseadas na acreditación de perdas de difícil reparación pola prohibición ao pastoreo ou na inexistencia de alternativas ao pastoreo nas áreas afectadas por incendios forestais dentro da mesma comarca”* (artigo 43.2).

Polo que, ó abeiro da lexislación europea (Directiva 313/1990), española (Lei 38/1995 e Lei 27/2006) e galega (Lei 1/1995) que regulan o dereito de acceso á información sobre o medio ambiente,

## SOLICITA

Información das medidas que no exercicio das súas competencias e obrigas legais, puxo en marcha a súa Dirección Xeral para o control, vixilancia e seguemento das zonas afectadas a fin de asegurar o cumprimento da Lei 3/2007.

En Santiago de Compostela, a 28 de outubro de 2011

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto